




As nosas Mans

Ano 2008

Revista da Lingua de Signos en Galego

nº 04



A LUZ DA NOSA FORZA

Publica: Asociación de Personas Sordas de Santiago de Compostela.
San Paio do Monte. s/n 15898 Santiago de Compostela
Apartado de Correos 615 Teléfono e Fax: 981.582.968
E-Mail asopssc@hotmail.com

Contido

1.	Limiar	3
2.	Concello	4
3.	Cronoloxía	9
4.	Locucions	11
5.	Xustiza	15
6.	Saúde	17

Colaboradores:

M^a Lucía Figueiro Pérez
José Manuel Méndez Tajés
Luis Rendo Lareo
Patricia Bandín Trasbach
M^a Lorena Marcote Canosa
Ángel Montero García
M^a Luz Valiña Rodríguez
José Rodríguez Iglesias

Corrector en Lingua Galega:

Xulio Loureiro González

Coordinador:

Andrés Caamaño Hermida

Imprime: Grafisant, S.L.

Deposito Legal: C 3644-2008

LIMIAR

Indagar sobre o pasado histórico dunha lingua minorizada precisa de documentación e testemuñas que normalmente son difíciles de acreditar, e, sobre todo, cando esa mesma lingua resulta totalmente ignorada polo conxunto da sociedade que a acolle.


Non resulta moi complicado deducir que en Galicia existiu unha Lingua de Signos diferente a outras da Península Ibérica; factores comúns que afectan precisamente á unidade lingüística dunha zona máis ou menos ampla, explican con facilidade esta aparición: desde cuestións políticas a xeográficas, sociais, económicas, culturais... Un factor importante que reforza aínda máis esta crenza é a existencia dun colexio de xordos específico en Santiago de Compostela, que, unha vez creado, funciona como fonte de desenvolvemento e aglutinador da Lingua en cuestión.

Resulta complicado determinar o grao de desenvolvemento e solidez dese código propio dos xordos galegos nesas épocas, a súa antigüidade e o seu número de usuarios. Neste punto, só podemos achegarnos ás testemuñas dos individuos maiores, para aproximarnos algo a esa realidade. Segundo estes, a Lingua de Signos de Galicia presenta unha fortaleza propia entre 1950 e 1990 aproximadamente, xerada sobre todo pola presenza xa citada do colexio de xordos.

Esta situación cambiou paulatinamente quizais por varias razóns: unha, a crecente presenza da Lingua de Signos Española en todo o ámbito estatal, como resultado da presión da propia Comunidade Xorda, e polo recoñecemento gradual daquela pola comunidade oínte; dúas, pola propia incorporación das linguas de signos ó mundo cultural, educativo, científico, político..., que esixían unha adaptación urxente á nova situación, e esta deuse con carácter global para a totalidade en España, e non como froito reflexivo de cada comunidade lingüística autonómica.

Ó mesmo tempo, o papel dos intérpretes nesta nova adaptación foi fundamental, dado que chegar os contidos (conceptos e estruturas) partindo de fórmulas da lingua oral, conlevou un influxo inevitable desta sobre a lingua signada. E o maior contacto a tódolos niveis entre individuos xordos de toda España, pero sobre todo entre aqueles que lideraron o movemento asociativo, determinou unha maior uniformidade lingüística, en detrimento das formas peculiares de cada territorio.

É, pois, fácil pensar que no caso concreto da Lingua de Signos Galega, esta estea en franca recesión, vítima da presión, tamén neste caso, da Lingua de Signos Española. Por iso, o presente traballo pretende recuperar dalgunha maneira a memoria sobre este feito lingüístico propio, singular de Galicia. A memoria como feito de non esquecemento e como elemento educativo para as persoas xordas e oíntes de Galicia. Un traballo feito por xordos galegos para o resto dos galegos. Unha valiosa aportación a todo o conxunto de saberes nosos que forman a Cultura Galega.



O ARQUITECTO
 Profesional da arquitectura.



A ARQUITECTA



O APARELLADOR
 Persoa con título profesional que, baixo as ordes do arquitecto, se ocupa de preparar e dispoñer a execución das obras segundo o proxecto deste último.



A APARELLADORA




Concello




O XEFE

Persoa que manda, dirixe ou goberna a outras.



A XEFA



O PROTOCOLO

Conxunto de regras que hai que gardar nunha cerimonia.



POLICIAL

Relativo ou pertencente á policía




Concello



A BANDEIRA

Pano, case sempre en forma de rectángulo, dunha ou máis cores e ás veces con escudo, que é símbolo dunha nación, partido, rexemento, etc., ou que é sinal dalgo.



A CAPATAZ

Persoa que ten ó seu cargo dirixi-lo traballo dun grupo de obreiros.



O CAPATAZ



O BOMBEIRO

Persoa que forma parte dun corpo organizado para combaterlos incendios e intervir en casos de sinistro que afectan á seguridade pública.



A OPERARIA



O OPERARIO
Obreiro. SIN. *traballador*



A BANDA MUNICIPAL



A GARDA MUNICIPAL



Concello



A GARDA CIVIL

Corpo armado do Estado español encargado da seguridade e da orde no medio rural.



O PARTIDO POLÍTICO

Grupo organizado de persoas que teñen as mesmas opinións ou os mesmos intereses.



O PARTIDO XUDICIAL


Territorio que depende dun mesmo xulgado.




O IMPOSTO

Cantidade que o cidadán paga ó Estado ou a outro organismo da Administración pública para contribuír ó seu presuposto.


Cronoloxía




Abri-lo día.
Raia-lo día.
Rompe-lo día.
Vi-lo día.
 amencer




Contra o día.
Ó abrir do día.
Rompida do día.
Sobre o día.
 Ó amañecer.




De día.
 Durante as horas en que
 hai luz solar, por oposición
 á noite.



Día a día.
 Cada día que pasa.





Día hábil. Día laborable.
 Día de traballo, día que non
 é festivo.




Día lectivo.
 Día en que hai clase nos
 centros de ensino.


Cronoloxía




Día santo.
O domingo e tódolos que a Igrexa consagra como tales por mor da celebración dalgunha festividade.




Do día.
De hoxe mesmo




O outro día.
Hai uns días.




Dun día para outro.
Dentro de pouco tempo.




Estar ó día.
Estar informado do que ocorre cada día, nun aspecto concreto ou en xeral, ou segui-las modas do momento.




Ó outro día.
Ó día seguinte.



Por escrito.
Por medio da escritura,
non oralmente.



Ata a volta.
Saúdo de despedida.




Non ter conversa.
Non pode falar sobre
ningunha tema.



Da-la volta (a algo).
Varia-la posición ou
sentido ata quedar no
oposto a aquel en que
[algo] estaba.




Da-la volta ou dar volta.
Volver, regresar.




Dar volta. Gana-la volta.
Envorcar.



Dar voltas (a algo).
Pensar, traballar, etc., [en certa
cousa].



Dar voltas.
Rebulir, moverse sen parar.




**Desfacer o fillo
abortar**



Contra o día. Ó abrir do día. Rompida do día.
Sobre o día Ó amañecer




En contra (de).
Contra a persoa ou cousa que se expresa




Pola contra.
De modo contrario, ó contrario, polo contrario.



Vir a conto.
Estar relacionado co asunto de que se trata.



Vivir do conto.
Vivir sen traballar aproveitándose dos demais por medio de astucias e enganoso.



En conciencia.
Con sinceridade, con franqueza.



Non ter conciencia.
Actuar sen escrúpulos.




Baixo ventre.
Parte inferior do ventre.




Facer de ventre, ir de ventre. Evacua-los excrementos.

Locucións



Cedo
Ó principio do día, nas primeiras horas do día.




De cedo. De tarde
Que madura ou aparece pronto [froito].




Á tarde ou pola tarde.
Durante ese período de tempo.




Tarde piaches
Exposición que indica que alguén se decidiu moi tarde por algo, cando xa non ten posibilidades de conseguilo que se propón.




A tal hora
Neste momento.




Hora punta
Aquela en que unha actividade ou fenómeno alcanza a máxima intensidade.



Andar co(s) tempo(s).
Adaptarse ás circunstancias que van cambiando co paso do tempo.




A tempo
En boa hora, en momento oportuno, puntualmente, non tarde




Co tempo.
Co paso do tempo.


Locucións



Dar tempo ó tempo.
Agardar deixando pasa-
lo tempo ata que se
solucione algo.



En tempo
Con tempo suficiente.



Facer (o) tempo.
Demorarse facendo
calquera cousa mentres
se agarda por algo.



Fóra de tempo
En ocasión inoportuna,
fóra do momento que lle
corresponde.



Ir co(s) tempo(s)
No momento oportuno.



Ó mesmo tempo.
Simultaneamente.



Mata-lo tempo
Facer cousas sen interese
ou proveito, só para
entreterse



Perde-lo tempo
Facer cousas sen proveito
cando hai outras máis
importantes por facer.



Sen perda de tempo
Sen demora, inmediatamente.

Xustiza




Xustiza

Poder para aplica-lo dereito que rexe as relacións entre as persoas, e exercicio dese poder.



Facer xustiza.

Aplica-las leis.




Ser de xustiza.

Ser conforme ós dereitos e ó mérito dunha persoa.




xusto-a

Que actúa respectando os dereitos dos demais e dándolle a cada un o que merece, segundo os seus méritos ou as súas culpas.



xusto-a

Tal que non lle sobra nin lle falta nada [cantidade, medida, etc.].




xusto-a

Que é apropiado, que é tal e como debe de ser, que se axusta con precisión á realidade.




xusto

Expresa coincidencia e precisión de tempo ou de lugar.



Lexislación


Conxunto de leis [dun país ou dun dominio determinado].



Lexislar


Facer ou establecer leis.

Xustiza




Legislatura

Período de tempo durante o cal os órganos encargados de legislar exercen as súas funcións



avogado -a

Persoa que ten como profesión aconsellar en asuntos xurídicos e intervir nos procesos xudiciais como defensor dunha das partes.



Avogado das silveiras.

Persoa que adoita actuar con mala fe para provocar disputas e preitos.




Demandante

Que presenta unha demanda ante a xustiza.




Denunciar

Dar a coñecer publicamente [unha mala acción].




Delicto

Quebrantamento da lei



Homicidio

O feito de matar unha persoa.



Decretar


Ordenar mediante decreto




Defensor-ora

Que defende [persoa, en particular, avogado que se encarga da defensa dun acusado].


Saúde




médico-a
Propio da medicina e dos médicos. SIN. *doutor*.



Médico de cabeceira.
Médico de medicina xeral designado polos servicios de sanidade para cada persoa.




Sanidade
Calidade de san.




Sanidade
Conxunto de servicios da Administración destinados a preserva-la hixiene e a saúde pública.



Paciente
Persoa que é obxecto dun exame ou dun tratamento médico. SIN. *enfermo*




celador -ora
Persoa encargada de velar polo cumprimento das normas en establecementos públicos, como hospitais así como de realizar determinados servicios.




Enfermeiro
Persoa que ten como profesión coidar enfermos baixo a dirección do médico.



Enfermeira
Persoa que ten como profesión coidar enfermos baixo a dirección do médico.



Coidar
Coida ao enfermo. Sin. *doente*



Lingua de Signos en galego



ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS
DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
(DECLARADA DE UTILIDAD PÚBLICA)

Subvencionado pola Presidencia da Xunta de Galicia.
Secretaría Xeral de Política Lingüística.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística